

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de setembro de 2007

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
Dª Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
Dª Elena Maure Noia
Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
Dª Carmen Silva Rego

Invitados:

Dª Raquel Díaz Vázquez
Dª María Jesús Lago Rey
Dª Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
Dª Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e trinta minutos do día tres de setembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral acctal. Sr. Suárez Sánchez, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1636).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 6 de agosto de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1637).- REVISIÓN DO IPC DO CONTRATO DO SERVIZO DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAL A DROGODEPENDENTES CEDRO. EXPTE. 24810/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 17.07.07, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar, en execución do apartado 4 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de apoio á Unidade Asistencial a Drogodependentes (CEDRO), adxudicado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 29 de marzo de 2005, a nome de EUXA, S.L., disposición de crédito por importe de 11.964,92 € na partida 4123.227.06.01 como incremento do prezo de contrato, por efecto da revisión de prezos, en función da variación do IPC nacional no período abril 2006-abril 2007, quedando establecido o prezo do contrato para o período abril 2007 abril de 2008 na cantidade de 578.153,30 €.

3(1638).- SOLICITUDE DO CLUB TRIATLÓN DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO XXI TRIATLÓN CIDADE DE VIGO O DÍA 8.09.07. EXPTE. 7127/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.08.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Club Triatlón de Vigo, a organizar o vindeiro día 8 de setembro do 2007 a proba deportiva denominada XXI Triatlón Cidade de Vigo, que consta de tres sectores : natación que se realizará na praia de Bouzas, carreira a pé polo paseo de Buzas e carreira ciclista que se desenvolverá na circunvalación Castrelos-Bouzas con un percorrido de 2000 metros. Esta proba terá o seu comezo as 17.30 horas, e a duración, da mesma está previsto que sexa de 1 hora e 30 minutos.

4(1639).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL XERAL.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.07, que di o seguinte:

Esta Dirección de Ingresos, recollendo a proposta realizada polo Sr. Tesoureiro con data 3 de xullo de 2007, que obra no expediente, en relación a criterios para a declaración de créditos incobrables, introduce no proxecto de Ordenanza Fiscal Xeral para o exercicio 2008, un texto alternativo nos artigos 50 e 75.

Conforme se expresa no propio texto do artigo 50.6 da ordenanza, a aplicación de criterios de economía e eficacia na xestión recadadora, conxugando legalidade procedimental e eficacia administrativa, é o fundamento dos requisitos para declaración de créditos incobrables de determinadas débedas en función de importes e características.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL XERAL”

TITULO I - DISPOSICIÓNS XERAIS DO ORDENAMENTO TRIBUTARIO.

CAPITULO I - PRINCIPIOS XERAIS.

...

CAPITULO II. NORMAS TRIBUTARIAS.

.....

TITULO II. OS TRIBUTOS.

CAPÍTULO I. OBRIGAS TRIBUTARIAS.

.....

CAPITULO II. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

.....

CAPITULO III. ELEMENTOS DE CUANTIFICACIÓN DA OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL E DA OBRIGA DE REALIZAR PAGOS A CONTA.

.....

CAPITULO IV. A DEBEDA TRIBUTARIA.

ARTIGO 50.- INSOLVENCIA

1.- Son créditos incobrables aqueles que non poden facerse efectivos no procedemento de recadación por resultar fallidos os obrigados ó pagamento, ou por terse realizado con resultado negativo as actuacións previstas no presente artigo.

2.- Cando se declaren fallidos os obrigados ó pagamento e os responsables, declararanse provisionalmente extinguidas as débedas, en tanto non se rehabiliten no prazo de prescrición. A débeda quedará definitivamente extinguida si non se rehabilitara no antedito prazo.

3.- Si o Recadador Executivo coñecera da solvencia sobrevinda do debedor, propondrá a rehabilitación do crédito ó Tesoureiro. Unha vez aprobada, rexistrarase informáticamente.

4.- Declarado fallido un debedor, os créditos contra o mesmo de vencemento posterior serán dados de baixa por referencia a dita declaración, si non existen outros obrigados ou responsables.

5.- Ós efectos de declaración de créditos incobrables, o Recadador Executivo Municipal documentará debidamente os expedientes, en función da contía dos mesmos, formulando proposta que, coa conformidade do Tesoureiro, someterase á aprobación polo Excmo. Sr. Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.

6.- En base a criterios de economía e eficacia na xestión recadadora, e coa finalidade de conxugar o respecto ó principio de legalidade procedimental co de eficacia administrativa, establécense deseguido os requisitos e condicións que haberán de verificarse con carácter previo á proposta de declaración de créditos incobrables, en función dos importes e características da débeda:

6.1. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa inferior a 150,00€. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.

- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

- Inexistencia de crédito algún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.

- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en dez entidades financeiras.

6.2. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 150,01€ e inferior a 600,00€. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.

- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

- Inexistencia de crédito algún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.

- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en dez entidades financeiras.

- Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.

- Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos Convenios subscritos pola FEMP ós que se ten adherido o Concello de Vigo.

6.3. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 600,01€ e inferior a 3.000,00€. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.

- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

- Inexistencia de crédito algún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.

- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en dez entidades financeiras.

- Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.

- Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos Convenios subscritos pola FEMP ós que se ten adherido o Concello de Vigo.

- Deberase acreditar no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

6.4. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 3.000,01€. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.

- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

- Inexistencia de crédito algún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.

- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en dez entidades financeiras.

- Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións, no caso de personas físicas.
- Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos Convenios subscritos pola FEMP ós que se ten adherido o Concello de Vigo.
- Deberase acreditar no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Deberase acreditar que non figuran bens inscritos a nome do debedor no Servicio de Índices Central dos Rexistros da Propiedade, así como en outros Rexistros públicos.
- Cando se trate de débedas que figuren a nome de personas xurídicas, deberanse constatar no expediente as actuacións realizadas mediante a información facilitada polo Rexistro Mercantil.

7.- Cando, iniciado o período executivo, non se dispoña do Número de Identificación Fiscal do debedor, ou ben de algún outro dato que imperativamente deba conter a providencia de constrinximento, os expedientes serán automaticamente dados de baixa definitiva mediante a declaración dos correspondentes créditos como incobrables, dando conta da resolución adoptada ó servizo liquidador competente.

8.- Ós efectos de determinar a contía a que se refiren os apartados anteriores, computarase o importe de todas as débedas dun mesmo contribuínte por calquera concepto que se atopen pendentes de pagamento, con exclusión das recargas e os xuros do período executivo, e sempre que se ditase con anterioridade a providencia de constrinximento. A estes efectos, non se terán en conta os importes correspondentes a multas por infraccións en materia de tráfico e seguridade viario.

Non obstante, poderase pospor a proposta de declaración de crédito incobrable dentro do prazo de prescrición, nos casos nos que o incremento da contía pola posible acumulación de débedas de vencemento periódico, poida permitir unha tramitación máis rigorosa do expediente segundo o que se establece no apartado anterior.

9.- Na tramitación de expedientes de créditos incobrables por multas de circulación, formularase a correspondente proposta en función do importe acumulado da totalidade das multas de circulación pendentes de aboamento en período executivo, cando se cumplan os requisitos seguintes:

- a) Cando o importe da débeda sexa igual ou inferior a 100,00€, e fora infructuoso o embargo de fondos situados en contas abertas en entidades de depósito.
- b) Cando o importe da débeda fora superior a 100,00€ e igual ou inferior a 600,00€ e foran infructuosos os intentos de embargo de fondos e de soldos, salarios e pensións.
- c) Sendo o importe da débeda superior a 600,00€, non tiveran resultado positivo, ademais das previstas nos apartados a) e b) anteriores, as actuacións de embargo de vehículos. No suposto de infractores reincidentes poderanse realizar actuacións complementarias das anteriores.
- d) Tratándose de infractores non residentes no Municipio de Vigo, ou residentes especialmente reincidentes, entendendo por éstos os que teñan cinco ou máis multas pendentes de aboamento en período executivo, poderase

ordenar o embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos Convenios subscritos pola FEMP ós que se ten adherido o Concello de Vigo.

10.- As normas contidas neste artigo polas que se fixan as condicións para a declaración de fallido dos debedores constitúen procedementos tipo para a mellora da eficiencia recadatoria do Concello de Vigo e poderán excepcionalmente cando razóns de oportunidade así o aconsellen, non sendo en ningún caso invocable o seu cumprimento polos administrados, ós efectos de ser declarados insolventes.

TITULO III. APLICACIÓN DOS TRIBUTOS.

CAPITULO I.- ACTUACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E DOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

...

CAPITULO II. NORMAS SOBRE ACTUACIÓNS E PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS: ESPECIALIDADES DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS EN MATERIA TRIBUTARIA.

...

CAPITULO III. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

.....

CAPITULO IV. PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN.

.....

CAPITULO. V. PROCEDEMENTO DE RECADACIÓN.

ARTIGO 75.- PROCEDEMENTO DE CONSTRINXIMENTO

- Custas: Terán a consideración de custas do procedemento de constrinximento aqueles gastos que se orixinen durante o seu desenvolvemento. As custas serán por conta do debedor a quen lle serán esixidas.

Como custas do procedemento estarán comprendidas, entre outras, as seguintes:

- a) Os gastos orixinados polas notificacións que imprescindiblemente tiveran que realizarse no procedemento administrativo de constrinximento.*
- b) Os honorarios de empresas e profesionais, alleos á Administración, que interveñan na valoración dos bens trabados.*
- c) Os honorarios dos rexistradores e outros gastos que tiveran que aboarse polas actuacións nos rexistros públicos.*
- d) Os gastos motivados polo depósito e administración dos bens embargados.*

e) Os demais gastos que esixa a propia execución.

TITULO IV. A POTESTADE SANCIONADORA.

CAPITULO I. PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA EN MATERIA TRIBUTARIA.

.....

CAPITULO II. DISPOSICIONS XERAIS SOBRE INFRACCIÓNS E SANCIONS TRIBUTARIAS.

.....

TITULO V. REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA.

CAPITULO I. MEDIOS E PROCEDEMENTOS DE REVISIÓN.

.....

CAPITULO II.- PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN.

.....

CAPITULO III. RECURSOS ADMINISTRATIVOS.

.....

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2008 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

5(1640).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.07, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en actualizar o tipo impositivo para inmóbles de natureza urbana e de características especiais que figuran no artigo 8 da Ordenanza Fiscal nun 0,4% coa finalidade de compensar a diferenza entre a variación real do IPC entre 30 de abril de 2006 e 30 de Abril de 2007 (2,4%) e a variación do valor catastral que establece a Lei de Presupostos Xerais do Estado (2%).

*Introdúcese un apartado 7 no artigo 10 e unha disposición adicional que expresa o compromiso municipal de establecer o procedemento de comunicación previsto no Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (RDL 1/2004 de 5 de marzo). O Concello ten solicitado no presente ano unha modificación do vixente Convenio de Colaboración en materia de Xestión Catastral. A nova modalidade de colaboración contempla entre outros extremos, liberar a titulares catastrais que realicen alteracións no seus bens inmóbles, derivadas de actos administrativos de competencia municipal (determinadas licencias urbanísticas) das obrigas de presentar documentos de alteración catastral diante da Xerencia Territorial do Catastro. A disposición adicional do texto proposto prevé a entrada en vigor deste **procedemento de comunicación**, no momento da correspondente sinatura do Convenio coa Dirección Xeral do Catastro. As consecuencias favorables serían, por un lado, unha diminución da presión fiscal indirecta sobre os titulares catastrais e por outro unha mellora na calidade do rexistro catastral, na medida en que este procedemento garante unha mellor concordancia entre a realidade física e económica dos inmóbles e os rexistros catastrais e tributarios.*

A modificación axústase ó disposto no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) así como as restantes disposicións legais de aplicación e o expediente deberá ser tramitado conforme o disposto nos artigos 15 a 19 do citado RDL 2/2004 e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de Abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES”.

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS

3) Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos –pai, nai ou tutor-titulares de familia numerosa, relativa a vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumpran a seguinte condición:

Contar con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude, inferiores a 5.120 euros.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.

2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,742%.

3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,3%.

4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,742%.

ARTIGO 10.- XESTIÓN.

7. O Concello de Vigo acollerase o procedemento de comunicación previsto no Texto Refundido da Lei reguladora do Catastro Inmobiliario, significando para os suxeitos pasivos-titulares catastrais que quedarán eximidos da obriga de formular as declaracións a que se refire o apartado 6 anterior, consecuencia dos seguintes actos administrativos de competencia municipal:

- Licencias de obra de construción e ampliación.
- Licencias de modificación, rehabilitación ou reforma.
- Licencias de demolición
- Licencias de modificación de uso.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os suxeitos pasivos-titulares catastrais quedarán liberados das obrigas formais a que se refire o apartado 7 do artigo 10 da presente Ordenanza no momento en que entre en vigor o correspondente Convenio coa Dirección Xeral do Catastro.

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2008 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

6(1641).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.07, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de tracción mecánica que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en actualizar as tarifas vixentes nun 2,4% (variación do I.P.C. entre Abril de 2006 e Abril de 2007). Permanecen invariables as tarifas correspondentes a vehículos de 16 ata 19,99 cabalos fiscais, vehículos de máis de 20 cabalos fiscais, motocicletas de mais de 250 cc ata 500 cc, motocicletas de mais de 500 cc. ata 1000 cc., e motocicletas de mais de 1000 cc xa que están no importe máximo fixado pola Lei.

A modificación axústase ó disposto no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) así como as restantes disposicións legais de aplicación e o expediente deberá ser tramitado conforme o disposto nos artigos 15 a 19 do citado RDL 2/2004 e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de Abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Rexime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA”.

ARTIGO 6.- COTA

1. O imposto esixirase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A. TURISMOS	COTA ANUAL
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais	20,05 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	55,70 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	119,65 €

A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €

B. AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1. de menos de 21 prazas	135,25 €
B.2. de 21 a 50 prazas	196,40 €
B.3. de máis de 50 prazas	245,55 €

C. CAMIÓNS	COTA ANUAL
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil	68,95 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	135,25 €
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	196,40 €
C.4. de máis de 9999 kg. de carga útil	245,55 €

D. TRACTORES	COTA ANUAL
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais	26,15 €
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais	41,90 €
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais	125,45 €

E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

	COTA ANUAL
E.1. máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil	28,65 €
E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	45,10 €
E.3. máis de 2999 kg. de carga útil	137,85 €

F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores	6,05 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.	6,05 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	12,05 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	30,29 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	60,58 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	121,15 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2º) A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2008 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

b) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

c) *Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.*

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

7(1642).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.07, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas que figura no presente expediente.

No exercicio das facultades potestativas do Concello, a única modificación relevante, consiste na actualización dos coeficientes de situación regulados no artigo 8 da ordenanza na mesma porcentaxe de variación do IPC entre 30 de abril de 2006 e 30 de abril de 2007 (2,4%).

O texto proposto axústase ó disposto no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais: artigos 78 a 91), Reales Decretos Lexislativos nº 1175/90 de 28 de Setembro e 1259/91 de 2 de Agosto que conteñen as Tarifas e Instrucción do Imposto así como o Real Decreto 243/1995 de 17 de Febreiro que dicta normas para a Xestión do I.A.E. e restantes disposicións legais de aplicación. O expediente deberá ser tramitado conforme o disposto nos artigos 15 a 19 da citada Lei e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de Abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Rexime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) *Aprobar provisionalmente a seguinte:*

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS”.

ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

Categoría Fiscal Coeficiente Situación

1ª 2,79

2ª 2,61

3ª	2,45
4ª	2,25
5ª	2,10
6ª	1,91

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ó 1 de xaneiro de 2008 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- d) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.*
- e) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.*

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

8(1643).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.07, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou que entenda a Administración do Concello ou a dos seus Organismos Autónomos, a instancia de parte, que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes nun 2,4 % (variación do IPC entre abril de 2006 e abril de 2007).

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Rexime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, A INSTANCIA DE PARTE”.

ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

1. Certificados relativos ó Padrón Municipal de Habitantes:

a. De ata 5 anos de antigüidade	1,95 €
b. Superior a cinco anos ata dez	4,10 €
c. De mais de dez anos	10,85 €
d. Relativo ó nº de habitantes dunha sección ou distrito, clasificados polos diversos parámetros: idade, sexo, nivel de instrucción, etc:	
Por cada distrito ou sección e parámetro	1,95 €
e. Relativo ó total de habitantes do concello, referente a tódalas seccións e distritos, e clasificados por parámetros:	
Por cada parámetro	36,60 €

2. Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:

a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina	8,95 €
b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de	1,25 €

3. Restantes certificados:

a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina	1,95 €
b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de	1,25 €

4. Copias de planos:

a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestructuras, servicios e outros, relativos a expedientes non terminados	
- DIN A-4	1,65 €
- DIN A-1	3,30 €
- Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1, un recargo de	8,45 €

b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestructuras, servicios e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:

- De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).

- Por cada ano máis de antigüidade incrementaráselle a tarifa deste epígrafe 4.b).

Por cada Plano 1,25 €

c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:

- De ata tres anos de antigüidade, por un plano. 8,95 €

- Por cada ano ou plano máis, un recargo de 1,25 €

5. Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.

a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina

A4 0,25 €

A3 0,30 €

b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina

A4 0,40 €

A3 0,85 €

c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina

A4 0,60 €

A3 1,00 €

d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina

A4 0,80 €

A3 1,80 €

Se o expediente o documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra, o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda

No suposto en que os documentos relativos os apartados 4 e 5 anteriores poideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren os interesados, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartado 4 e 5 anteriores.

6. Verificación de poderes:

a Validación de poder, por cada un 8,95 €

b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos, por cada unha 3,85 €

c. Simple recoñecemento de sinatura 2,30 €

7. Fotocopias:

a. Fotocopias de documentos achegados polos interesados,
por cada páxina A4. 0,15 €

por cada páxina A3 0,30 €

b. Compulsa de documentos

- Primeira páxina	1,25 €
- Por cada unha das restantes	0,35 €
8. Xerocopias de ordenanzas e regulamentos:	
- Por cada exemplar	3,90 €
9. Solicitud para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:	
a. Por cada unha dos grupos A e B	31,10 €
b. Por cada unha dos grupos C, D e E	17,40 €
10. Informacións urbanísticas	13,00 €
11. Cédulas urbanísticas	43,10 €
12. Impresos de autoliquidación de tributos	s/custo
13.1 Expedición de informes sobre intervencións ou actuacións da Policía Local a petición do interesado.	8,95 €
13.2 Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local.	90,35 €
13.3 Expedición de Informes de Residencia/Convivencia ou ámbolos dous.	3,15 €
13.4 Expedición de Certificados de Residencia/Convivencia ou ámbolos dous.	8,95 €
13.5 Informes realizados polo Departamento de Tráfico.	8,95 €
14. Comunicacions sobre licencias de actividades e instalacións: cambios de titularidade e actividade sinalados no artigo 2 da Ordenanza de taxas de licencias de actividades e instalacións	40,70 €
15. Certificados relativos á recadación de tributos:	
a. Por recibo tributario ata 3 anos de antigüidade	9,25 €
b. Por cada recibo e ano que sobrepase os 3 de antigüidade, un recargo de	1,25 €
16. Documento acreditativo de INSCRICIÓN PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	0,50 €
17. Carnés expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros.	3,30 €
24. Estarán exentos de taxas pola expedición de certificados de empadramento referidos no epígrafe 1.a) do artigo 5 desta ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.275 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 46.920 €.	

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.008. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

9(1644).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS Ó SERVICIO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES E LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUCTOR (AUTOTAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABONO).

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.07, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas relativas ó servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles e lixeiros de aluguer con conductor (autotaxis e vehículos especiais ou de abono), que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes nun 2,4 % (variación do IPC entre abril de 2006 e abril de 2007).

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Rexime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS Ó SERVICIO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES E LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUCTOR (AUTOTAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABONO”.

ARTIGO 4.- COTAS

3. Revisión de vehículo	27,90 €
4. Por dereitos de exame para a obtención do permiso municipal de conducir, por cada exame.	8,00 €
5. Por expedición e renovación de permiso municipal de conducir.	15,95 €
6. Por expedición de duplicados de permisos, licencias, tarifas, etc., por cada un	4,00 €

DISPOSICIÓN FINAIS.

2. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2008 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

10(1645).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVICIOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 23.07.07, que di o seguinte:

Segundo instruccións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos especiais por espectáculos e transportes, que figura no presente expediente.

Actualízanse as tarifas vixentes nun 2,4 % (variación do IPC entre abril de 2006 e abril de 2007).

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Rexime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVICIOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES”.

ARTIGO 5.- COTA

1. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe a), b) e d) do apartado 1 do artigo 1:

	€/hora ou fracción
Por cada persoa afecta ó servizo:	11,10 €
Por cada vehículo afecto ó servizo:	21,55 €

2. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe c) do apartado 1 do artigo 1:

Por cada vehículo e ano ou fracción:	19,95 €
--------------------------------------	---------

DISPOSICIÓN FINAIS.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 3,07 € a hora normal e 4,47€ a hora festiva no caso do Sr Fernandez Alonso, cantidade que se aboaran en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

- D Jose Angel Fernandez Alonso, nº de persoal 12055, oficial conserxe, por un importe total de 265,97 € pola realización de 59 h 30m horas festivas

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte PROPOSTA:

“Aboar ao funcionario D Jose Angel Fernandez Alonso, nº de persoal 12055, oficial conserxe, adscrito a Conserxería Municipal, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, a cantidade de 265.97€:

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(1670).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DUN VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL NON SENDO OFICIAL-CONDUCTOR, A D. JUAN JESÚS

GARCÍA ALFONSO, DO SERVIZO DE CIRCULACIÓN, 1º E 2º TRIMESTRE. EXPTE. 17471/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 14.08.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 3.08.07, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por don Juan Jesús García Alfonso (nº persoal 13652), aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 365'70 € (TRESCENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS), correspondentes ó 1º e 2º trimestre de 2007 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

36(1671).- XORNADAS DE REFORZO PARA A POLICÍA LOCAL PARA O ANO 2007.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Interventor xeral accidental, do 30.08.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos e o técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 24.08.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aproba-lo programa de reforzos para a Policía local de Vigo que de seguido se transcribe:

PROPOSTA DE ACORDO SOBRE XORNADAS DE REFORZOS PARA A POLICIA LOCAL PARA O ANO 2007

PRIMEIRA.- Obxecto, ámbito de aplicación e período de vixencia.

O presente acordo ten por obxecto autoriza-la realización por parte do persoal de Cadro da Policía Local, dun total de 5 xornadas adicionais respecto das legalmentes previstas, durante o ano 2007. As xornadas do ano 2007 realizaránse en todo caso entre o 23 de agosto e o 31 de decembro.

O custo total das 5 xornadas para o ano 2007 non poderá exceder, en ningún caso de 352.393,00 Euros .

SEGUNDA.- Voluntariedade

A realización das xornadas adicionais ten carácter voluntario.

Unha vez adscritos o programa, os interesados veñen obrigados o seu exacto cumprimento nos termos previstos no presente acordo.

TERCEIRA.- Execución do programa

Corresponde ó Xefe da Policía organizar a prestación das xornadas extraordinarias.

Ditas xornadas realizaránse no posto de traballo do funcionario adscrito ou servizos equivalentes.

En todo caso cando a realización dunha xornada de reforzo implique a interrupción do 2º ou 3º día de descanso do/a interesado/a, devengará un plus equivalente ao 25% da retribución correspondente. Na asignación de xornadas de reforzo que impliquen o devengo deste plus deberá ser debidamente xustificada polo Xefe do Corpo, co conforme do Concelleiro delegado.

CUARTA.- Permisos oficiais e xornadas de reforzo

As xornadas de reforzo non poderán coincidir con un permiso oficial do interesado/a xa solicitado, nin tampouco se autorizarán permisos oficiais nos días que o funcionario/a teña o reforzo xa asinado, segundo a normativa vixente.

QUINTA.- Ámbito subxectivo de aplicación.

Dado o carácter voluntario do programa de reforzos a desenvolver, o persoal que desexe acollerse o mesmo, deberá comunicar a través do correspondente parte de servizo dirixido a Xefatura a súa vontade de adscrición o programa, prazo que rematará o día 15 de setembro do presente ano.

Dita relación será remitida a Unidade de Persoal, unha vez rematado dito prazo, especificando o nome, apelidos, número de persoal, DNI e categoría profesional dos adscritos.

SEXTA.- Retribucións.

As xornadas de reforzo serán retribuídas en concepto de produtividade.

O importe de cada xornada será, segundo as categorías profesionais, o seguinte:

- 1º.- Policía: 199,96 euros*
- 2º.- Oficial: 212,97 euros*
- 3º.- Inspector: 239,70 euros*
- 4º.- Inspector principal: 248,72 euros*

Estas retribucións cobraránse mensualmente por xornadas realizadas no mes anterior.

SEPTIMA.- ILT por continxencias comúns.

Nas situacións de incapacidade laboral transitoria por continxencias comúns ou accidente non laboral, sempre que a ausencia exceda de 30 días continuados en relación coa duración do programa de reforzos, os interesados deixarán de perceber as retribucións correspondentes ás xornadas do período de baixa. O funcionario non poderá recuperar as xornadas perdidas.

OCTAVA.- ILT por accidente de traballo

Nas situacións de incapacidade laboral transitoria por accidente laboral, debidamente acreditado, os/as interesados/as poderán recuperar as xornadas non realizadas, mentes dure o programa de xornadas de reforzo.

NOVENA.- Imposibilidade de continuar prestando a xornada de reforzo.

No caso de que durante a prestación dalgunha das xornadas extraordinarias o funcionario/a sufra algunha continxencia no seu estado de saúde que lle impida a continuación da prestación do servizo, deberá presentar xustificación oficial mediante o documento P-10 ou parte de ILT, entendéndose realizada a xornada cando a

continxencia teña ocorrido unha vez superadas as 4 horas dende o comenzo da mesma. Noutro caso, o interesado/a poderá recuperar as horas perdidas no momento en que se lle indique pola Xefatura do Servicio, sen prexuízo do seu dereito a perceber a cantidade correspondente ás horas efectivamente realizadas.

En calquera caso, cando a incapacidade teña orixe nun accidente laboral, debidamente acreditado, o/a interesado/a terá dereito a cobrar o importe correspondente a xornada completa.

DECIMA.- Límites.

As xornadas de reforzo non poderán realizarse en ningún caso durante o período de vacacións do interesado/a.

Doutra banda, os interesados, previa comunicación a Xefatura, poderán intercambiar os seus días de dispoñibilidade por interés particular, sempre que se trate de funcionarios/as da mesma categoría.

DECIMO-PRIMEIRA.- Exceso na duración das xornadas extraordinarias.

No caso excepcional de que a xornada exceda das oito horas, a diferenza aboarase segundo os seguintes parámetros:

*Policías: 25 euros
Oficiais: 26,63 euros
Inspector: 29,97 euros
Inspector Principal: 31,09 euros*

DECIMO-SEGUNDA.- Exclusividade retributiva.

As xornadas extraordinarias non devengarán concepto retributivo algún distinto dos expresados no presente Acordo. En particular, non devengarán os pluses de nocturnidade e festividade. Si serán abonadas as gratificacións especiais que por Convenio stán establecidas para navidades, fin de ano e aninovo (24, 25, 31 e 1).

DECIMO-TERCEIRA.- Participación do Persoal

Co fin de garantir o correcto cumprimento por ambas as dúas partes das cláusulas do presente Acordo e as súas vicisitudes, constitúese unha Comisión integrada por un representante de cada sindicato do Comité de Empresa; o Concelleiro-Delegado de Seguridade e Movilidade, o Xefe do Corpo e a Xefa da Unidade de Persoal ou técnico/a de dita Unidade que designe. En cada reunión levantarase acta co contido dos asuntos tratados e, no seu caso, dos acordos acadados.

DECIMO-CUARTA.- Memoria do programa.

Na primeira semana do mes de decembro, o Xefe da Policía Local remitirá a Xunta de Goberno local memoria explicativa do grado de execución e cumprimento dos obxectivos previstos no programa de reforzo que se aproba.

DISPOSICION ADICIONAL PRIMEIRA.- Ampliación das xornadas de reforzo.

No obstante o disposto na cláusula primeira en canto o obxecto do programa, e respectando en calquera caso o custo máximo e o período de execución previsto na mesma, autorízase a realización dun máximo de dúas xornadas de reforzo máis dentro do período de vixencia do programa, por cada funcionario/a acollido o mesmo, sempre que a

súa necesidade sea apreciada polo Concelleiro-Delegado de Movilidade e Seguridade, a instancia do Xefe do Corpo.

2º.- A efectos do disposto na cláusula 4ª do programa de reforzos que se aproba, dése trámite o presente expediente de gasto consonte o disposto no apartado 1º da Base 33ª, e concordantes das de execución dos orzamentos do Concello de Vigo para 2005.

37(1672).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E EMPRESA GALICIA SAUDADE S.L.U. PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO DE “AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO”. EXPTE. 4607/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 8.08.07, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 18.07.07, conformado polo concelleiro de Promoción Económica e Emprego e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o curso de “Auxiliar de axuda a domicilio” dentro do programa de “Formación en empresas con compromiso de contratación” segundo o informe da técnica de inserción do Plan municipal de emprego (anexo I), que se desenvolverá no presente ano 2007.

2º.- Aprobar o texto do convenio a asinar coa entidade que desenvolverá o curso (anexo II).

3º.- Facultar a Don Santos Héctor Rodríguez Díaz, concelleiro de Promoción Económica e Emprego para a súa sinatura.

4º.- Aprobar o gasto por importe de 8.069,00€, con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00, “Programa de axudas á inserción laboral” para facer fronte a execución do presente convenio de colaboración ao abeiro do programa de "Formación en empresas con compromiso de contratación" do Plan municipal de emprego 2004-2007.

ANEXO I.- INFORME DA TÉCNICA DE INSERCIÓN LABORAL DO CURSO DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO DENTRO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN EN EMPRESAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN

O Concello de Vigo dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego xestiona o Plan municipal de emprego 2004-2007 que pretende ser un referente na necesaria coordinación entre todos os axentes implicados na loita contra o desemprego, configurándose como un proxecto aberto, coa vocación de ter unha fonda incidencia entre as persoas desempregadas da cidade, e de ser inductor dun cambio de visión sobre a problemática do paro, aportando o apoio municipal ás diversas facetas do camiño dende o desemprego á realización plena de actividade e á inserción laboral.

Do conxunto de accións a desenvolver no Plan municipal de emprego destaca o Programa de apoio a inserción laboral e dentro deste a “Formación en empresas con compromiso de contratación” que supón continuar na liña da experiencia exitosa obtida en anos anteriores. A formación ocupacional realízase nun ámbito produtivo real, a empresa, onde o alumnado pode observar e desempeñar as actividades e funcións propias dos distintos postos de

traballo e coñecer as relacións laborais e a organización dos procesos produtivos. A empresa comprométese a contratar o 50%, como mínimo, das persoas que rematen satisfactoriamente a acción formativa.

Deste xeito, sendo de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publicouse anuncio na prensa local o día 16 de febreiro da convocatoria para participar no Plan Formativo que se desenvolverá no ano 2007.

Na solicitude presentada pola empresa Galicia Saudade, S.L. o deseño do curso "Auxiliar de axuda a domicilio" ten como eixe fundamental o casamento entre os intereses formativos manifestados polas persoas usuarias do noso Servizo de orientación laboral e as necesidades detectadas no mercado de traballo, a través dos contactos cos responsables das empresas e asociacións empresariais de Vigo e a súa comarca, ás que se lles solicitaba a súa colaboración para o desempeño de programas de formación.

Dado o interese que esta empresa, amosa por facer un curso e unha vez analizado o seu presuposto, o seu programa e o perfil demandado (mulleres maiores de 18 anos), o equipo do Servizo de orientación laboral considera esta oferta axeitada para incrementar as posibilidades de inserción laboral das persoas beneficiarias da nosa base de datos.

Por outra parte esta empresa xa colaborou no desenvolvemento dunha acción formativa de Auxiliar de axuda a domicilio no proxecto Actívate, cun alto grado de satisfacción por parte do alumnado así como por parte do persoal técnico do equipo do proxecto.

A programación e o enfoque eminentemente práctico da impartición do curso permite aproximar de maneira moi notable a acción formativa ás necesidades reais da empresa o que suporá unha boa acollida por parte das persoas entrevistadas.

CARACTERÍSTICAS DO CURSO

	1. D	1. Nº HORAS	ENTIDADE	IMPORTE
AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO	15	245	GALICIA SAUDADE, S.L.	8.069,00 €

DATA DE REALIZACIÓN

A data prevista para o desenvolvemento do curso é o mes de setembro, aínda que esta pode sufrir modificacións.

SELECCIÓN DE EXPERTOS/AS

Considérase que a mellor opción é que as empresas e entidades colaboradoras se fagan cargo da selección dos/as expertos/as docentes.

No caso de que as empresas non dispoñan do persoal cualificado recorreríase á base de datos de expertos/as docentes da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego conforme co establecido no acordo da Comisión de Goberno Municipal do 23/05/1997.

SELECCIÓN DO ALUMNADO

O curso terá unha participación máxima de 15 persoas.

A selección farase entre as persoas entrevistadas polos/as orientadores/as do Servizo de orientación laboral da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que teñan dentro do seu itinerario formativo a realización de cursos de formación ocupacional. Se desta forma non se cubriren tódalas prazas, publicarase un anuncio na prensa local.

ORZAMENTO

O orzamento deste curso de Formación en empresas con compromiso de contratación do ano 2007 do Plan municipal de emprego 2004-2007 comprende custos docentes e materiais.

A) CUSTOS DOCENTES

A actividade formativa levarase a cabo na empresa, o que facilitará o acercamento do alumnado á realidade empresarial.

Os custos de persoal docente, ascende á cantidade de 4.500,00€.

B) CUSTOS MATERIAIS

Neste concepto inclúense tódolos gastos de realización do curso (seguro de accidentes, aluguer de instalacións, material funxible, etc).

Os custos materiais ascenden a 3.569,00€.

Sumando os conceptos dos apartados anteriores (A+B) o importe total da posta en marcha deste curso ascende a 8.069,00€.

Este gasto poderase facer contra a partida orzamentaria 3220 470 00 00, "Programa de axudas á inserción laboral", do ano en curso.

ANEXO II.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA GALICIA SAUDADE, S.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO "AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO"

-

REUNIDOS:

Dunha parte:

O Excmo Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e representado por Don Santos Héctor Rodríguez Díaz en calidade de concelleiro de Promoción Económica e Emprego,

doutra:

Dona Nuria Carrera Pío con NIF 53170589V en nome e representación da empresa Galicia Saudade, S.L. con domicilio na avda. Rosalía de Castro, 5 – 1º D, da cidade de Ponteareas.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de persoas activas e desempregadas. Deste xeito, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou, por unanimidade, na súa sesión de data 26 de xaneiro de 2004, o Plan municipal de emprego 2004-2007. O Concello de Vigo, dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, no marco dese Plan e dentro do Programa de axudas á inserción sociolaboral, promove a formación en empresas, co compromiso, por parte destas, de contratar un mínimo do alumnado que remate satisfactoriamente o curso, para colaborar de forma activa na loita contra o desemprego e mellorar, entre outras facetas, a ocupabilidade das persoas desempregadas da área de influencia viguesa. Esta fórmula obriga a que o deseño das accións formativas, eminentemente prácticas, estea moi adaptado tanto ás características das persoas beneficiarias como ás necesidades das empresas e a que estas participen dunha aprendizaxe activa desenvolvida dentro do ámbito produtivo real.

SEGUNDO: A empresa Galicia Saudade, S.L. é sensible a estes obxectivos, ademais de ter a necesidade de formar traballadores/as no seu sector ante a gran demanda do mercado laboral existente hoxe en día, polo que expresa a súa intención de participar activamente neste programa. A prospección de mercado no sector feita polas técnicas de inserción sinala que Galicia Saudade, S.L. é unha das empresas na que é posible a realización do curso de Auxiliar de axuda a domicilio e asume o compromiso de contratar o 50% do alumnado que remate satisfactoriamente o curso, polo que con ela procede desenvolver esta actividade.

Por todo isto subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración para realizar unha acción formativa cunha duración de 245 horas lectivas incluídas as prácticas, a razón de 5 horas diarias, coa finalidade de formar a 15 persoas como “Auxiliar de axuda a domicilio” e co compromiso de contratar, por parte da empresa Galicia Saudade, S.L., un mínimo do 50% do alumnado que remate satisfactoriamente o curso. Estas contratacións terán

unha duración mínima de 3 meses e a formalización dos contratos de traballo deberá realizarse dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa. O temario do curso inclúese no anexo a este convenio.

SEGUNDA.- Compromisos de Galicia Saudade, S.L.

A empresa Galicia Saudade, S.L. organizará, impartirá, avaliará e fará unha memoria final e cantas outras accións sexan necesarias para realizar cos seus propios medios o curso, motivo deste convenio, para o que contará co material, seguros, persoal técnico e instalacións necesarios para o seu correcto desenvolvemento. Posteriormente, dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa, contratará, cunha duración mínima de 3 meses, a un mínimo do 50 % do alumnado que remate satisfactoriamente o curso.

Ademais deste compromiso, serán obrigas da empresa Galicia Saudade, S.L. as consignadas no artigo 14.1 LXS.

2. TERCEIRA.- Compromisos do Concello de Vigo

O Concello de Vigo afrontará os gastos polo importe estipulado. Así mesmo, realizará a selección das persoas candidatas a través do equipo técnico do Servizo de orientación laboral en colaboración coa empresa, controlará o desenvolvemento do curso e recompilará toda a documentación e información relativa a este que considere oportuna para o seu bo fin e xustificación.

CUARTA.- Seguimento do Convenio

Para o seguimento do convenio, así como para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por un/unha representante por cada parte asinante. A Comisión de Seguimento será presidida por un representante municipal e deberá reunirse cando as partes o acorden. O/A representante municipal na Comisión de Seguimento será nomeado polo concelleiro de Promoción Económica e Emprego.

QUINTA.- Incumprimento do Convenio

O incumprimento do especificado nas cláusulas poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

Como norma última, será o Concello de Vigo o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ao presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

SEXTA.- Vixencia do Convenio

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, e estará vixente ata o cumprimento do obxecto do mesmo, é dicir, noventa días despois da data de finalización da acción formativa.

SÉTIMA.- Relación contractual

A sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha con este Concello de Vigo por parte do persoal encargado da organización, impartición ou calquera outra tarefa no desenvolvemento do curso.

OITAVA.- Forma de pago

O Concello de Vigo afrontará os gastos por un importe de 8.069,00€. No referido ao pagamento da cantidade acordada como presuposto das actividades formativas, motivo do presente convenio, o Concello aboará esta cantidade nun único pago ao remate da acción formativa.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio de subvención deberá documentarse en forma de conta xustificativa, á que se deberá achegar os xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención. A

súa presentación realizarase como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade subvencionada (artigo 30 LXS)

Este gasto farase con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00 “Programas de axudas á inserción laboral” do presuposto vixente.

CLÁUSULA FINAL

“Serán finalmente de aplicación ao presente convenio as normas da Lei xeral de subvencións, sobre causas de invalidez do convenio (artigo 36 LXS), causas e réxime de reintegro das subvencións (artigo 37 LXS), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa Disposición Final Primeira LXS, no non previsto no convenio, as demais normas da Lei xeral de subvencións, a lexislación básica do Estado de réxime local, as restantes normas de dereito administrativo, as bases de execución do presuposto vixente e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentar”.

E, en sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio que se expide por triplicado e a un só efecto, no lugar e data que se indican máis abaixo.

Vigo, de de 2007

38(1673).- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS:

a) RÚA REAL Nº 2, EDIFICIO COMPLETO DE DÚAS VIVENDAS. EXPTE. 180/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 22.08.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do edificio do inmovel localizado en R./ REAL 2, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 09.03.2007 (REMATE 4ª, 5ª e 6ª FASES).

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP IGVS	AXU MAX	AXU PROP*	IGVS	MF
INMOMIDE VIGO S.L.	R./ REAL 2, 1 -	B-36879900	73.331,83	14.666,00	14.666,00	7.333,00	7.333,00
INMOMIDE VIGO S.L.	R./ REAL 2, 2 -	B-36879900	75.850,95	14.666,00	14.666,00	7.333,00	7.333,00
TOTAL			149.182,78	29.332	29.332	14.666	14.666

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, a axuda proposta que será financiada polo Ministerio de Fomento e polo Instituto Galego da Vivenda e Solo na cantidades descritas no cadro.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

b) RÚA POBOADORES Nº 8. EXPTE. 230/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 23.08.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en R./ POBOADORES 8, 0e1 -, a María Jesús Rodríguez Díaz con NIF 36052189B executadas ao abeiro do Convenio entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 09.03.2007 (REMATE 4ª, 5ª e 6ª FASES).

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante María Jesús Rodríguez Díaz, a axuda de 8000 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 4.000,00 euros e polo Instituto Galego da Vivenda e Solo na cantidade de 4.000,00 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

c) RÚA CASIANO MARTÍNEZ Nº 1. EXPTE. 323/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 24.08.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en CASIANO MARTINEZ (RUA) 001, segundo o cadro axunto, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, as axudas propostas que serán financiadas polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades sinaladas no cadro.

Nome e apellidos	DNI/NIF	Situación	Presuposto Máx. Prot.	Presuposto Protexíbel	P.aceptado Consell viv. e solo	Axuda máx.	Axuda proposta € *	Min. Fom.	Consell. viv. e solo
------------------	---------	-----------	-----------------------	-----------------------	--------------------------------	------------	--------------------	-----------	----------------------

Antonio Ruiz Franco	35926768-D	CASIANO MARTINEZ (RUA) 001 – 0	4.256,00	2.142,21	2.142,21	7.000	803,32	401,66	401,66
Antonio Ruiz Franco	35926768-D	CASIANO MARTINEZ (RUA) 001 – 1	4.256,00	4.284,42	4.284,42	7.000	1.606,65	803,33	803,32
Antonio Ruiz Franco	35926768-D	CASIANO MARTINEZ (RUA) 001 – 2	4.256,00	4.284,42	4.284,42	7.000	1.606,65	803,33	803,32
TOTAL			12.768,0	10.711,05	10.711,05	21.000	4.016,62	2.008,32	2.008,30

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

d) RÚA PAULINO FREIRE Nº 16 (ESCALERA 2). EXPTE. 322/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 27.08.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en PAULINO FREIRE (RUA) 16, segundo o cadro axunto, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, as axudas propostas que serán financiadas polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades sinaladas no cadro.

Nome e apelidos	DNI/NIF	Situación	Presuposto Máx. Prot.	Presuposto-Protexíbel	P.aceptado Consell viv. e solo	Axuda máx.	Axuda proposta € *	Min. Fom.	Consell . viv. e solo
Emilia Rey Torres	35997797-Z	PAULINO FREIRE (RUA) 16 – 1-c	1.601,06	960,25	960,25	7.000	259,26	129,63	129,63
Javier Freiría Figueras	36122126_M	PAULINO FREIRE (RUA) 16 – 2-c	1.601,06	960,25	960,25	7.000	259,26	129,63	129,63

Secundino Batán Cacheda	35212632-T	PAULINO FREIRE (RUA) 16 - 3-c	1.601,06	960,25	960,25	7.000	259,26	129,63	129,63
Juana Romero Frieiro	33075157-F	PAULINO FREIRE (RUA) 16 - 4-c	1.601,06	960,25	960,25	7.000	259,26	129,63	129,63
Pedro Lamela Taboada	33181678-S	PAULINO FREIRE (RUA) 16 - 5-c	1.601,06	960,25	960,25	7.000	259,26	129,63	129,63
Flora Fernández Fernández	36059182-N	PAULINO FREIRE (RUA) 16 - 6-c	1.601,06	960,25	960,25	7.000	259,26	129,63	129,63
Indalecio Gil Miguez	35788939-L	PAULINO FREIRE (RUA) 16 - 1-d	1.601,06	960,25	960,25	7.000	259,26	129,63	129,63
M ^a Montserrat González Álvarez	36096579-B	PAULINO FREIRE (RUA) 16 - 2-d	1.601,06	960,25	960,25	7.000	259,26	129,63	129,63
Félix Fernández Lalin	35913716-K	PAULINO FREIRE (RUA) 16 - 3-d	1.601,06	960,25	960,25	7.000	259,26	129,63	129,63
Zacarías Abad Torres	36057390-Z	PAULINO FREIRE (RUA) 16 - 4-d	1.601,06	960,25	960,25	7.000	259,26	129,63	129,63
Dolores Posada Correa	35935878-B	PAULINO FREIRE (RUA) 16 -5-d	1.601,06	960,25	960,25	7.000	259,26	129,63	129,63
Mercedes Muras Troitiño	35223553-L	PAULINO FREIRE (RUA) 16 - 6-d	1.601,06	960,25	960,25	7.000	259,26	129,63	129,63
		TOTAL	19.212,72	11.523,00	11.523,00	84.000	3.111,12	1.555,56	1.555,56

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

39(1674).- CONVOCATORIA DE CATRO BOLSAS DE FORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS DA CONCELLERÍA DE TURISMO E COMERCIO. EXPTE. 2173/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

1º.- Aprobado a convocatoria de catro bolsas de formación para a realización de prácticas nas oficinas e servizos turísticos da Concellería de Turismo e Comercio, que se desenvolverán dende o 15 de outubro de 2007 ata o 15 de xuño de 2008 (8 meses), ámbolos dous inclusive.

2º.- Aprobado o gasto de 28.800 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 7510.4810000, "Transferencias a Familias e Institucións". A contía total que se executará no ano 2007 ascende a 9.000 € (2,5 meses x 4 persoas x 900 € brutos). Os 19.800 € restantes executaranse ó presuposto do ano 2008 (5,5 meses x 4 persoas x 900 € brutos).

3º.- Aprobado o gasto de 225 euros para cubrir ás pólizas de seguros por risco profesional para todos e cada un dos adxudicatarios ou adxudicatarias das becas que se convocan neste intre, con cargo á partida orzamentaria 7510 2240000 do presuposto actualmente en vigor.

CONVOCATORIA DE BECAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS

Primeiro.- Obxecto

En virtude do establecido no artigo 28 da Lei de Bases de Réxime Local e disposicións concordantes, así como na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, a Concellería de Turismo e Comercio do Concello de Vigo convoca a concesión de becas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos dende o 15 de outubro de 2007 ata o 15 de xuño de 2008.

Segundo.- Número de becas

Convócanse 4 becas para a realización de prácticas de información nas oficinas de información turística e servizos turísticos que a Concellería de Turismo e Comercio porá a disposición do público no período comprendido entre o 15 de outubro de 2007 ata o 15 de xuño de 2008, ámbolos dous inclusive.

Terceiro.- Dotación

A contía da convocatoria ascende á cantidade de 28.800 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 7510.4810000, "Transferencias a Familias e Institucións". A contía total que se executará no ano 2007 ascende a 9.000 € (2,5 meses x 4 persoas x 900 € brutos). Os 19.800 € restantes executaranse ó presuposto do ano 2008 (5,5 meses x 4 persoas x 900 € brutos).

Cuarto.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, dentro dos dez días hábiles seguintes á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As solicitudes deberán acompañarse da documentación requirida nas bases desta convocatoria.

Sexto.- Duración das bolsas

As prácticas terán unha duración de 8 meses, dende o 15 de outubro de 2007 ata o 15 de xuño de 2008. Comenzarán, en principio, o día 15 de outubro de 2007 e rematarán o 15 de xuño de 2008, ámbolos dous inclusive. No caso de que o comenzo das prácticas tivese que alterarse por algunha causa, o remate acortárase ou prolongárase tantos días como se teña adiantado ou retrasado o comenzo da actividade.

Sétimo.- Pagamento

O pagamento das becas farase mensualmente.

Oitavo.- Bases

As bases xerais que rixen esta convocatoria foron aprobadas, dentro do marco xurídico definido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 21 de agosto de 2006 (BOP 10 abril 2006) , anexo 1, “Bases para a convocatoria de becas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos”.

Noveno.- Prazo de resolución e notificación

1. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de catro meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria.
2. A resolución do procedemento notificarase ós interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A práctica de dita notificación ou publicación axustarase á disposición contida no artigo 59 da citada Lei.

40(1675).- SOLICITUDE DE AXUDAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE NA ÁREA DE INFLUENCIA SOCIOECONÓMICA DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS. EXPTE. 5211/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico superior de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 31.08.07, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Solicitar o abeiro da orde do 15 de xullo a concesión de subvencións para:

- Balizado no areal de Carracido.
- Instalación dunha caseta en madeira de 30 m² para servizos de seguridade e salvamento.
- Instalación de paneis informativos nos areas das Illas Cíes.
- Preparación de materiais didácticas para charlas e exposicións sobre o funcionamento das dunas.
- Servizo da Cruz Vermella.

2º.- Delegar na Concelleira de Medio Ambiente a representación para suscribir a solicitude.

41(1676).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT. EXPTE. 17476/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Así mesmo, a Xunta de Goberno local acorda deixar sen efecto o acordo adoptado na sesión do día 20 de agosto de 2007, co punto nº 61 sobre o asunto de referencia, “Modificación puntual da RPT, expte. 17476/220”.

42(1677).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás doce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.